

## INFRAESTRUTURA E FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS

### Curso 2017/2018

CASO 699/476 Data 15/03/2018

Reclamante: PAS                      Motivo                      Desde a resposta que se lle enviara pola valedoría universitaria o 24/07/2017 non volveu ter noticias por parte da Xerencia nin do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, nin no que se refire ao recoñecemento médico nin a un posible acondicionamento das dependencias laborais, que, por outra banda, non cumpren coa actual normativa de accesibilidade dos espazos públicos. Solicita que se informe ao persoal que ocupaba as dependencias afectadas se xa está en marcha algunha previsión de acondicionamento destas, e se no vindeiro recoñecemento médico será posible que o persoal que así o decida poida realizar o recoñecemento específico.

---

Actuacións	Normativa
------------	-----------

Resolución	Comunicáselle a non admisión a trámite da reclamación [continuidade da que constituía o caso de referencia 664/441], motivada nas seguintes consideracións:
------------	---

- 1) O caso, tal e como fora sometido á miña consideración o 27/06/2017, rematara coa remisión dun informe ás partes o 24/07/2017, acompañado dun completo e detallado informe que me fora remitido pola Xerencia o 17/07/2017.
- 2) A respecto das previsións de acondicionamento das dependencias afectadas, a resposta dada no seu día pola Xerencia parece clara e suficiente, cando menos no que atinxe ás miñas competencias como valedor universitario: “as obras de adecuación dos locais son pospostas ata que se planifiquen os usos aos que se destinarán os locais. Mentres non se acondicionen os locais estes permanecerán pechados e sen uso”. Corresponde á Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e mais á Xerencia, co asesoramento e apoio dos servizos máis directamente implicados, determinar a viabilidade e o uso que se lles podería dar aos diferentes inmobles e dependencias da universidade afectadas por gas radon, e cando e con que recursos deberían ser acondicionados, de ser o caso. Ao non apreciar sobre este particular vulneración ningunha de dereitos ou liberdades que lle afecten, a miña intervención como valedor universitario non resulta procedente. En todo caso, se o desexa, pode vostede facer chegar aos órganos de goberno da universidade con competencias nesta materia as propostas que considere máis convenientes, a través das diversas vías de participación do PAS na política universitaria.
- 3) Vostede menciona na súa solicitude que nun escrito que eu lle remitira ao xerente (escrito do 30/06/2018), solicitaba á Xerencia que lle “fora realizado o recoñecemento médico específico”, cando en realidade a miña solicitude de recoñecemento estaba condicionada á persistencia dunha situación de anguria (“En calquera caso, entendo que se, malia a que as medicións efectuadas e os resultados acadados permiten descartar que as persoas ocupantes dunha determinada dependencia puidesen ter estado sometidas a concentracións de radon por riba dos límites establecidos e a que foran debidamente informadas,

---

persiste nalgunha delas unha situación de anguria, parece aconsellable que, para a súa tranquilidade e en beneficio do propio servizo, lle sexa realizado o recoñecemento médico específico se así o desexa”). Se, como vostede mesma recoñece na súa solicitude do 15/03/2018 a súa solicitude non responde a unha situación de anguria, a miña recomendación ao xerente de recoñecemento médico específico non resulta de aplicación no seu caso.

- 4) Mención á parte merece a aplicación do artigo 106 da Directiva 2013/59/EURATOM. Porén, sobre este particular non me consta que vostede acudise con anterioridade a outras instancias, e cómpre salientar que a figura do Valedor Universitario non está concibida para intervir en primeira instancia, senón para velar polo respecto aos dereitos e as liberdades de todos os membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos da universidade (disposición adicional decimo cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades).
- 

## Curso 2016/2017

**CASO 656/433** Data 06/02/2017

Reclamante: Alumno	Motivo	Denuncia que, ao saír dun exame, foi agredido por outros dous alumnos do centro e que, tras ser golpeado por un deles e seguindo indicacións do conserxe da súa facultade, diríxese a urxencias do hospital privado que lle indican. No hospital entréganlle o informe de urxencias e o certificado médico para o seguro escolar, tramitan un parte xudicial, recoméndanlle presentar unha denuncia do sucedido na policía e derívanos a un especialista noutro centro da propia clínica. Formula a denuncia e pasados catro días precisa acudir de novo ao médico. Acode ao seu médico de atención primaria da Seguridade Social e derívanos a urxencias dun hospital do Servizo Galego de Saúde. Manifesta ter problemas cos gastos derivados da súa asistencia médica, ao indicarlle na propia facultade que o seguro cobre accidentes, pero non agresións.
Inicio: 10/02/2017		O 25/01/2017 remite un escrito ao decano en que expón a situación e solicítalle: a) Axuda para poder identificar os agresores, tal e como lle solicitan desde a policía nacional; b) Intervención ante a compañía de seguros para non ter que asumir os gastos derivados da asistencia médica; e c) Poder acudir ao centro sen temor e que se lle respecte a súa integridade física, psíquica e moral mentres curse estudos nel.
Remate: 17/02/2017		O 06/02/2017 remíteme un escrito en que detalla todas estas cuestións e pide a intervención do valedor universitario para que se resolva canto antes.
Actuacións		Dirección do centro e SAPE.
Resolución		Tras falar co decano, na Oficina do Valedor Universitario decidimos ocuparnos directamente do asunto. Analizada a documentación relacionada, e tras falar co SAPE, o 14/02/2017 comunicamos a seguinte información ao interesado: <i>No que se que refire ao asunto do seguro, no SAPE comunicannos que o tema está resolto, no senso de que a compañía de seguros contratada pola UDC faise cargo de todas as actuacións médicas relacionadas co seu caso e que así llo comunicarían a vostede desde a propia compañía.</i> <i>A respecto da identificación do agresor ou do seu acompañante, a Universidade ten que respectar a Lei de protección de datos e non pode proporcionarlle ese tipo de información a ninguén que non</i>

---

---

*este debidamente autorizado (vía policial, vía xudicial).  
Comprendo a inseguridade que vostede poida sentir despois dos acontecementos que nos narra, pero a Universidade non dispón de medios preventivos para a protección da seguridade física dos membros da súa comunidade. En caso de ameaza ou de agresión, as persoas afectadas ou os seus acompañantes deben chamar inmediatamente á policía. Se os acontecementos teñen lugar dentro dalgún edificio da propia universidade, ademais de á policía, a persoa agredida debe poñerse inmediatamente en contacto coa conserxaría do centro.  
En caso de que lle xurda calquera outra dúbida ao respecto, non dubide en contactarnos de novo.  
O alumno agradece a atención prestada e manifesta que, en caso necesario, contactará de novo coa nosa oficina.*

---

**CASO 660/437** Data 06/04/2017

Reclamante: Alumna	Motivo	Quéixase sobre o trato que reciben os estudantes na cafetería dun centro e pregunta que facer para que cambie a situación.
Inicio: 07/04/2017		Tanto ela como as súas compañeiras teñen sufrido varios desplantes por parte de quen serve a comida. O trato ao alumnado é moi distinto ao que se dispensa ao profesorado e aos traballadores de mantemento que sempre comen alí, a quen serven o dobre de comida polo mesmo prezo que aos estudantes.
Remate: 29/05/2017		
	Actuacións	Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica.
	Resolución	Infórmase á alumna que na Oficina do Valedor Universitario só se intervéñ tras as actuacións dos órganos de goberno ou dos servizos da Universidade con responsabilidade na materia e que o asunto que relata compete ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica. Porén, indícaselle que, se o desexa, nós mesmos podemos poñernos en contacto con ese servizo e remitirille a queixa para que actúen do modo máis conveniente. Unha vez feito, tras a encomenda expresa da alumna nese senso, o 20/04/2017 o xefe do Servizo anúncianos que procederán a analizar o asunto e que remitirán as queixas ao concesionario, lembrándolle a obrigatoriedade de cumprir con todas as condicións do seu contrato. O 26/05/2017 recibimos copia dun escrito dirixido ao concesionario da cafetería do centro polo xefe do Servizo de Contratación, en que informa das queixas e lle indica que "Tendo en conta estas queixas, e sen entrar inicialmente en máis comprobacións, lémbrales que a prestación do servizo debe realizarse sen que se produza ningún tipo de discriminación entre os/as usuarios/as (a favor ou en contra) que supoña unha diferenza de trato, advertíndoselle que, de seren certas, deberán corrixiarse de inmediato. De demostrárense estes feitos, e de seguirense repetindo, o órgano de contratación poderá determinar a imposición das correspondentes penalizacións ou a resolución do contrato, segundo a gravidade do caso." O 29/05/2017 infórmase á interesada.

---

**CASO 664/441** Data 27/06/2017

Reclamante: PAS	Motivo	Quéixase pola escaseza de medicións e de información sobre os niveis de gas radon no edificio en que traballa e por que non se lle fai un recoñecemento médico específico. Solicita que se tomen as medidas oportunas para, por unha banda, realizar medidas en todas as dependencias do edificio (polo menos naquelas onde non se fixo) e, pola outra, que se tomen as medidas oportunas para paliar os niveis de radon no edificio e ser incluída no protocolo específico de recoñecemento médico.
Inicio: 30/06/2017		
Remate: 24/07/2017		

---

Actuacións	Xerencia e Servizo de Prevención Riscos Laborais.
Resolución	<p>Tras conversar coa xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, o 30/06/2017 remito o contido da queixa ao xerente, a quen solicito unha análise desta e doutras solicitudes semellantes que puidesen existir ao respecto, e que, na medida do posible, se reforcen aínda máis as medidas para garantir a tranquilidade de todo o persoal que realiza ou ten realizado a súa actividade diaria en dependencias do edificio. Solicítolle tamén, por último, información sobre as previsións de acondicionamento (prazos) das dependencias afectadas.</p> <p>O 17/07/2017 o xerente remíteme un informe asinado por un técnico do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, en que se detallan as medidas adoptadas para a protección do persoal en situación de risco potencial, incluíndo o traslado a outras dependencias ou edificios e a oferta de recoñecemento médico específico ao persoal que desenvolve ou desenvolveu traballos nos espazos con concentracións de radon que superan os límites indicados na IS 33 do Consello de Seguridade Nuclear. No informe detállanse, igualmente, as reunións de traballo dos responsables dos diversos órganos e servizos con capacidade de decisión e/ou competencias técnicas na cuestión, así como as reunións de carácter informativo e o envío de información ás persoas responsables do centro, servizos e unidades e ao persoal que desenvolve o seu traballo no edificio.</p> <p>Recóllese tamén no informe que, neste ano, ata un total de 15 persoas de diversos centros da UDC solicitaran o recoñecemento médico específico por radon na campaña de vixilancia da saúde e que, salvo erro, non se lles aplicou o protocolo de radon no seu recoñecemento médico por non ter estado expostas no seu lugar de traballo a concentracións por riba do indicado na normativa vixente. Sinálase, igualmente, que, nalgún caso, se realizaron analíticas aplicando o protocolo de radiacións ionizantes por erro, máis non se continuou co protocolo.</p> <p>En canto ás previsións de acondicionamento das dependencias afectadas, comunícase que as obras se pospoñen ata que se planifiquen os usos aos que se destinarán os locais, momento ata o que estarán fóra de uso.</p> <p>De todo isto dou conta á interesada, nun informe remitido ás partes o 24/07/2017, que remata coas seguintes conclusións e recomendacións:</p> <p><i>Ante un traballo que se presume serio e rigoroso, dentro dos límites marcados pola lexislación nacional vixente, realizado por expertos cun alto nivel de cualificación, a cargo dunha institución como a Universidade da Coruña que, nesta materia, está a dar claras mostras de responsabilidade e a servir de exemplo para toda a comunidade autónoma, entendo que as dúbidas que razoablemente puidesen terse xerado nalgunhas persoas poden verse disipadas en boa medida tras a lectura do informe remitido polo xerente. Confío en que esa será tamén a percepción da interesada, malia a que poida ou non considerar ou ter a sensación de que os límites preventivos fixados pola lexislación do noso país resultan pouco esixentes.</i></p> <p><i>En calquera caso, máis aló de todas as evidencias técnicas e de toda racionalidade científica, este tipo de situacións poden xerar nalgunhas persoas un elevado nivel de estrés ou outro tipo de trastornos que poden chegar a afectar seriamente á súa saúde e que mesmo poderían traducirse nunha baixada de rendemento no seu posto de traballo. De apreciarse indicios neste senso, entendo que cumpriría igualmente unha actuación desde o Servizo de Prevención de Riscos Laborais, valorando e tratando a situación na súa xusta medida.</i></p>

## Curso 2015/2016

**CASO 618/395** Data 22/12/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Na Aula de Estudo de Xoana Capdevielle fai moito frío a partir das 20:00h. Reclama melloras na calidade da aula no que se refire á temperatura e solicita asemade un incremento do seu horario de apertura.
Inicio: 29/12/2015		
Remate: 05/04/2016	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria e administradora de Centros e Servizos Externos.
	Resolución	<p>A interesada remitira a súa queixa o 11/12/2015 de xeito anónimo e reiterouna o 22/12/2015, tras identificarse tal e como se lle requiriu.</p> <p>O 29/12/2015 informo do contido do escrito da queixa á Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura e solicítolle que analicen a situación, na procura dunha mellora das condicións para o estudo, na medida en que iso sexa posible, ao tempo que se lle pide un informe da situación actual e das eventuais propostas de mellora.</p> <p>O 08/01/2016 a vicerreitora remítenos o informe da administradora de Centros e Servizos Externos, no que se comunica que desde o Servizo de Obras se está a realizar un estudo de valores da temperatura na aula. Lémbrese que o sistema de calefacción e de gasóleo e que é independente do resto do edificio que é de bomba de calor, así como que a queixa podería coincidir cunha baixada de temperaturas acontecida a finais de ano. Informo á interesada, ao tempo que lle indico que comentarei o asunto dos horarios á nova vicerreitora, que está a piques de tomar posesión, aínda que me temo que sobre este asunto poderían alegarse restricións orzamentarias.</p> <p>Tras recibir o informe da nova vicerreitora, o 5 de abril de 2016 enviolle o seu contido á interesada. No informe recóllese que a temperatura da aula de estudo do Xoana Capdevielle se mantén arredor dos 20°C. Tamén se lle indica que a pesar de que a aula non está illada termicamente, o que podería supoñer un problema, non se recibira ningunha outra reclamación deste tipo. Sobre o asunto dos horarios de funcionamento desta aula, a vicerreitora comenta que se fará un estudo de ocupación das aulas de estudo para analizar a oportunidade ou non de ampliar os horarios.</p>

**CASO 619/396** Data 20/12/2015

Reclamante: PDI	Motivo	Desde a Sección de Estudos de Doutoramento comunicánlle, a través do correo electrónico, e sen identificación da persoa remitente, que se desexa continuar matriculado nos estudos de doutoramento debe achegar a esa sección o xustificante que dá dereito á exención de taxas (correo do 27/11/2015) e que, como non xustificou a exención alegada na matrícula de doutoramento do curso 2015/2016, procederá de oficio, mediante resolución, a aceptar de plano a desistencia da súa matrícula e declararse concluso o procedemento, segundo indica o artigo 6.3.4 da Convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da Universidade da Coruña, curso 2015/2016 (correo do 18/12/2015).
Inicio: 23/12/2015		
Remate: 29/12/2015		
		<p>Considera absurdo que a Universidade da Coruña lle requira que presente un documento da propia universidade con que acreditar a súa condición de profesor desta. Alega que a comunicación que se lle envía desde a oficina de Doutoramento non cumpre os apartados que establece o artigo 58.2 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e que o artigo 35 desa mesma lei recolle</p>

entre os dereitos dos cidadáns o de “non presentar documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, ou que xa se encontren en poder da Administración actuante” [apdo. f)].

Entende que, de manterse esa «presunta “resolución”», se incorre nun delito tipificado no Código penal, e solicita:

- A nulidade da presunta “resolución” e o cumprimento da Lei 30/92 nos actos administrativos por parte da Sección de Estudos de Doutoramento da Universidade da Coruña.
- Que se depuren as responsabilidades, se houber lugar, do funcionario que adopta esas resolucións ou que as consente e que se ampara tras un correo electrónico anónimo.
- Que a Sección de Estudos de Doutoramento solicite ao Servizo de PDI, ou a quen corresponda da Universidade da Coruña, a súa condición de PDI da dita administración.
- Que conste que en ningún momento desiste da súa matrícula nos estudos de doutoramento.

Actuacións	Sección de Estudos de Doutoramento
Resolución	<p>Nun primeiro momento notifícolle ao interesado que antes de proceder a solicitar a información sobre o seu caso á Escola Internacional de Doutoramento e, de consideralo preciso, informe técnico á Asesoría Xurídica da UDC, teño que dispoñer da resolución que lle están a anunciar no correo que lle remitiron desde a Sección de Estudos de Doutoramento, e que, en calquera caso, o valedor universitario non ten capacidade xurídica para declarar a nulidade de resolucións ditadas por ningún órgano de goberno.</p> <p>O reclamante agradece a información e sinala que non alcanza a comprender a resposta, pois unha vez que ten unha resolución administrativa dispón dun prazo para o recurso de alzada e/ou o contencioso administrativo e, en calquera dos dous casos, a Oficina do Valedor debe inhibirse, segundo o regulamento. Indica que recorre ao valedor para evitar xudicializar, na medida do posible, o asunto.</p> <p>Ao apreciar que o que pretende agora o reclamante non é tanto que actúe xa contra unha resolución que aínda non se ditou, senón que interveña canto antes para evitar que chegue a ditarse, decido contactar coa responsable da Sección de Estudos de Doutoramento e informo ao reclamante do seguinte:</p> <p><i>Da lectura do escrito e dos correos electrónicos que achegou co seu correo do pasado 20 de decembro, interpretei que a notificación que lle remitiran a vostede desde a Sección de Estudos de Doutoramento non era máis que un aviso do que se produciría de non acceder á achega da documentación que se lle requiría para completar o seu expediente. Entendín, pois, que a comunicación que se lle fixo a través do correo electrónico non se podía interpretar, en modo ningún, como unha presunta “resolución”, sobre a que actuar declarando a súa NULIDADE e depurando responsabilidades do funcionario que a adopta ou a consente.</i></p> <p><i>Tal e como figura no artigo 6.3.4 da Convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da Universidade da Coruña (UDC), curso 2015/2016, a resolución pola que se acepta de plano a desistencia da solicitude da matrícula corresponde ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, e cabe supoñer que cando lle remitiron o correo do 18 de decembro de 2015 desde a Sección de Estudos de Doutoramento a dita resolución aínda non se materializara.</i></p> <p><i>Nesta oficina atendemos todos os asuntos que nos chegan e sobre os que temos competencia. O prazo dun mes entre a recepción da resolución polo interesado e a presentación dun eventual recurso de alzada abonda, xeralmente, para poder intervir e dar a resposta</i></p>

---

que consideramos máis acaída ás queixas ou reclamacións que se nos presentan.

Dado que o artigo 35 f) da Lei 30/1992 se refire a documentos que xa se atopan en poder da Administración actuante e que poderían darse interpretacións xurídicas discrepantes a este respecto, aconséllolle que, para maior seguridade xurídica, presente vostede canto antes o documento que lle solicitan. Todo iso, sen prexuízo de que as actuacións ou omisións que puideren estar relacionadas co seu caso serán obxecto de estudo e informe por parte desta valedoría.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015) parece máis clarificadora que a Lei 30/1992 a este respecto, pero esta nova lei non entrará en vigor ata o 2 de outubro de 2016.

Remítin á xefa da Sección de Estudos de Doutoramento un correo co seguinte contido:

- En relación co escrito que me remitiu D. ... pídlle que, por favor, extremen a cautela á hora de satisfacer ou non a demanda do interesado, segundo corresponda, mesmo pedindo asesoramento xurídico, se o consideran necesario.
  - Recibida a reclamación, eu mesmo tería que pronunciarme ao respecto se a resposta non concorda co dereito que o interesado considera que se lle está a conculcar.
  - Lamento esta pequena carga de traballo adicional pola miña parte, sabedor da inxente cantidade de expedientes que están a xestionar na súa oficina como consecuencia do remate do prazo para a defensa das teses de doutoramento dos programas en extinción.
- 

**CASO 629/406** Data 03/05/2016

Reclamante: PDI	Motivo	Séntese soa e desamparada ao non ser acompañada e representada pola Universidade a un xuízo por falta leve por acoso. O acoso, por vía telefónica ao seu despacho, tería sido cometido presuntamente por un ex-alumno a quen xa denunciara había varios anos e cuxo xuízo gañara por conformidade dos feitos do demandado; daquela, si acudira con representación da Asesoría Xurídica da UDC.
Inicio: 04/05/2016		Ao considerar que o novo episodio de acoso que viña de sufrir era continuación do acoso que sufrira no seu ámbito laboral e ao informarlle a Asesoría Xurídica que, na actual situación, a podían asesorar pero non representar, solicita do valedor que estude os dereitos do PDI ante unha situación como esta e considere os pasos que se han de seguir para que no futuro non exista na Universidade ese desamparo como individuo e como colectivo.
Remate: 30/05/2016		
	Actuacións	Normativa e colegas expertos na materia.
	Resolución	Vista a normativa e co asesoramento de valedores universitarios expertos na materia (do ámbito do dereito penal e da filosofía do dereito), o 27 de maio de 2016 presento un escrito de recomendacións ao reitor que deseguido se recolle: <b>RECOMENDACIÓN SOBRE O APOIO A MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO E VIOLENCIA NO ÁMBITO UNIVERSITARIO</b> Estimado reitor, O pasado día 3 de maio recibín un escrito dunha profesora que debía acudir a un xuízo por falta leve como denunciante dun acoso sobre o que manifesta estar practicamente segura de que se trata dunha reincidencia nunha situación de acoso que sufrira por parte dun alumno no ano 20** e cuxo xuízo gañara contando, entón, co amparo legal da Universidade en todos os aspectos e asistindo a el

---

---

*con representación da Asesoría Xurídica (acompañó copia).*

*A profesora quéixase agora de que, ante esa presunta reincidencia, a Universidade non a acompañe ao xuízo, e comenta que na Asesoría Xurídica a informaron de que a poden asesorar, pero non representar dado que se trataría dun ex-alumno, que non está probado que sexa el, e que o asunto pertence ao seu ámbito privado. A chamada telefónica acosándoa foi recibida no seu despacho e a profesora considera que a situación que está a vivir é continuación do acoso que sufriu no seu ámbito laboral hai varios anos.*

*O escrito da profesora remata solicitándome que, como valedor, estude os dereitos do PDI ante este tipo de situacións e considere os pasos que se deben seguir para evitar que no futuro se produzan situacións de desamparo no plano individual e colectivo.*

*Tras consultar con algúns colegas con coñecementos específicos na materia, chego á conclusión de que a UDC cumpriu axeitadamente coas súas obrigas legais cando no ano 20\*\* a profesora interpuxera a súa primeira denuncia, proporcionándolle daquela unha completa asistencia letrada. Ao prestarlle asesoramento, aínda que non defensa xurídica nin acompañamento, ante a nova situación de acoso, a Universidade parece cumprir igualmente coas súas obrigas, toda vez que o presunto culpable xa non era alumno da UDC e que os feitos que deran orixe á súa condena ocorreran hai varios anos.*

*O amparo legal proporcionado pola UDC a esta profesora ten base no feito de que a Universidade, como Administración pública, ten unha especie de responsabilidade obxectiva sobre este tipo de feitos cando ocorren entre suxeitos que estudan/traballan nela. O apoio da institución é, pois, aplicable a calquera membro da comunidade universitaria vítima dunha situación desa natureza (estudante que sofre o acoso dun profesor, acoso dun membro do PAS a outro etc.). O art. 106.2 da Constitución reconece aos particulares o seu dereito a seren indemnizados por “toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, [...] sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.”, amais do deber da Universidade de elixir e vixiar aos/as traballadores/as ao seu servizo (isto é, a culpa in eligendo e in vigilando á que se refire o Código civil).*

*Máis aló do apoio xurídico que, directa ou indirectamente, a Universidade teña ou non a obriga de prestar en cada caso, penso que cun pequeno esforzo suplementario a UDC pode asumir a responsabilidade de dar tamén cobertura aos aspectos máis humanos da cuestión. Estoume a referir aquí á oferta de apoio especializado pola institución, non só no ámbito penal mais tamén no eido da psicoloxía, que poderían reconfortar dunha maneira moi importante ás posibles vítimas, desde o primeiro momento en que perciben que poden estar a ser obxecto de acoso ata ben despois de que, de ser o caso, se acabe por adoptar algún tipo de resolución interna ou se dite sentenza no ámbito xudicial. Pénsese que, desde o punto de vista da vitimoloxía, é moi importante que as vítimas se sintan acompañadas en todo momento pola institución.*

*A UDC leva realizando unha clara aposta pola responsabilidade social, marcándose entre os seus obxectivos estratéxicos o seu fomento e o seu impulso en moi diversos ámbitos. Velando, na medida do posible, polo benestar de todas as persoas que integran a institución, acompañándoas cando o precisen cun apoio especializado máis aló do amparo legal que lles puidese corresponder, penso que a UDC estaría non só a desenvolver un labor moi importante para as vítimas, mais tamén estaría a servir de exemplo para unha sociedade cada vez máis deshumanizada, poñendo en valor a preocupación polas persoas.*

*Por todas estas razóns, e sabedor das restricións impostas pola*

---



---

*escaseza de recursos económicos na nosa universidade, recomendo que se explore a posibilidade de conseguir algún tipo de financiamento externo que posibilite a implementación dunha pequena estrutura de carácter estable ou, no seu defecto, se valore a posibilidade da creación dun pequeno gabinete mixto de especialistas (do ámbito penal e da psicoloxía) comprometidos co apoio aos membros da comunidade universitaria da UDC que, en razón desta condición, se sintan eventualmente vítimas dunha situación de acoso ou violencia. O ente que finalmente se crease podería estar adscrito á Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social e, no caso de tratarse dun gabinete de especialistas da propia universidade, mesmo podería pensarse na posibilidade de compensar a súa dedicación parcial a estas tarefas cunha redución da súa dedicación a outros labores.*

*Sabedor da sensibilidade do equipo reitoral por este tipo de cuestións, confío en que desde a Reitoría se lle prestará a este asunto toda a atención e o apoio que se merece, e en que se adoptarán as medidas que fagan viable a solución máis acaída dentro das posibilidades da institución.*

*O emprendemento de accións tendentes a facer que as vítimas de acoso ou violencia se sintan apoiadas en todo momento pola institución universitaria tería o seu encaixe na Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, cuxa finalidade é precisamente a de “ofrecer desde os poderes públicos unha resposta o máis ampla posible, non só xurídica senón tamén social, ás vítimas, non só reparadora do dano no marco dun proceso penal, senón tamén minimizadora doutros efectos traumáticos no moral que a súa condición poida xerar...”.*

*Grazas pola súa atención.*

O caso concreto que deu orixe á nosa análise e recomendacións, foi tamén obxecto de pronunciamento por parte da Xunta de Persoal Docente e Investigador (XPDI) da UDC, a quen agradezo a remisión dunha copia do escrito dirixido ao reitor en que lle transmiten os acordos que adoptaron por unanimidade o mesmo día da reunión (05/05/2016).

O 30/05/2016 envío á interesada unha copia do escrito de recomendacións remitido ao reitor.

---

**CASO 636/413** Data 22/06/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Problemas de goteiras e de ruído que afectan á Aula de Estudo do Edificio Xoana Capdevielle.
Inicio: 23/06/2016	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.
Remate: 06/07/2016	Resolución	Tras consultar á Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e á administradora de Centros e Servizos Externos, a vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria infórmanos do seguinte: A respecto das goteiras, que tanto as cubertas do edificio como a climatización dispoñen dun contrato de mantemento que exerce labor de vixilancia periódica e que actúa a solicitude do Servizo de Arquitectura; ambos están ao tanto da incidencia polo que se tomarán as medidas oportunas. En relación co ruído que se produce á entrada da aula, avísase sempre ao alumnado que fale nun ton máis baixo, pero con pouco resultado. Na tarde-noite e as fins de semana hai unha persoa que está exclusivamente para a aula de estudo, pero non ocorre o mesmo no horario habitual, xa que o persoal ten que atender todo o edificio no seu horario de traballo, aínda que consta que está continuamente advertindo aos usuarios que permanecen no exterior que respecten aos usuarios que están estudando. De calquera maneira xa se lle solicitou ao compañeiro en quenda de

---

---

tarde que incida un pouco máis nas advertencias ao alumnado para manter a zona o máis silenciosa posible, pero como a aula é unha sala moi grande con teitos moi altos, é difícil evitar que calquera ruído do exterior non teña repercusión no interior.  
Envíase á interesada a resposta da vicerreitora.

---

## Curso 2014/2015

**CASO 591/368** Data 04/03/2015

Reclamante: Alumno	Motivo	Manifesta preocupación polo caos circulatorio que hai no campus da Zapateira, fronte á Facultade de Ciencias, por mor dos coches estacionados nas paradas do autobús. Os autobuses teñen que parar na calzada, provocando atascos que poden durar varios minutos e xerando situacións de perigo ao seren adelantados con escasa visibilidade polos vehículos que transitan por esta. Os condutores dos autobuses mesmo xa se acostumaron a parar na calzada cando non hai coches aparcados nas paradas. A pesar de contactar por dúas veces coa Compañía de Tranvías da Coruña e de ter posto dúas suxestións ao respecto na páxina web da UDC no último ano, non parece térselle prestado moita atención, pois o problema persiste. Con posterioridade (26/03/2015), o alumno remite un segundo correo en que denuncia problemas similares co autobús diante da Facultade de Filoloxía, e co estacionamento do autobús de doadores de sangue, propoñendo el mesmo posibles solucións. O 22/10/2015 o alumno quéixase de que os autobuses baixan a bastante máis velocidade da permitida entre A Zapatería e Elviña, o cal pode provocar atropelos.
--------------------	--------	--

---

Actuacións	Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.
Resolución	O 10/03/2015, tras comprobar que os espazos destinados ás paradas de autobús que se atopan a ambos os lados da calzada fronte á Facultade de Ciencias non teñen ningún tipo de sinalización visible que disuada de aparcas nelas e que posibilite, en caso necesario, sancionar a quen incivicamente pon en risco a seguridade dos demais, e tendo en conta que mesmo poden chegar a darse situacións de grave risco para as persoas (estudantes que nada máis baixar do autobús atravesan precipitadamente a calzada para acudir ás aulas), poño o asunto en coñecemento da vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas na procura dunha solución coa maior brevidade posible. Ao recibir o segundo correo do alumno coas novas queixas, o 27/04/2015 remítollo á adxunta para Infraestruturas da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas xunto cunha copia do correo remitido á vicerreitora o 10 de marzo, ao tempo que lle comento que, dado que se trata de problemas que nalgún momento poderían traer consecuencias graves para algunha persoa, parece conveniente analízalos e adoptar canto antes as medidas que se estimaren oportuno. Solicítolle un informe dos pasos que se dean e das decisións que se adopten ao respecto. Ao día seguinte, a adxunta para Infraestruturas respóndeme que analizarán o tema no Servizo de Arquitectura e que me irá informando das accións emprendidas. O 08/05/2015, a adxunta de Infraestruturas infórmame de que o asunto da parada do autobús de Filoloxía é competencia da Compañía de Tranvías, que xa foi informada da queixa; que se vai dispoñer dunha sinalización horizontal nas paradas de autobús situadas diante da Facultade de Ciencias, de cuxa execución final se me informará; e que tentarán darlle unha solución ao asunto do autobús para a doazón de sangue, dentro das súas posibilidades.

---

---

O 22/10/2015, ante a falla de noticias por parte da vicerreitoría desde o 08/05/2015, e tras recibir o correo do alumno do queixándose do exceso de velocidade con que circulan os autobuses, remito un oficio á adxunta de Infraestruturas no que, ademais de informala da nova queixa, maniféstolle que resulta desacougante ver como, polos motivos que sexa, na Universidade non somos quen de dar unha resposta máis áxil a situacións sobradamente coñecidas e cuxa persistencia no tempo pode ser causa de danos irreparables de extraordinaria gravidade para as persoas. Indico tamén no escrito que, dada a gravidade da situación, agradeceríalle que puxese o máximo empeño en que todo o que sobre este asunto sexa competencia da Vicerreitoría se resolva sen máis dilación, e en que todo o que sexa competencia da Compañía de Tranvías ou de calquera outra instancia sexa obxecto dunha comunicación formal que trasladase claramente a responsabilidade a quen puidese tela en caso de accidente.

O 22/12/2015 recibo resposta da adxunta de Infraestruturas en que me notifica que tras falar cos servizos municipais encargados da sinalización viaria, estes prestaron a súa colaboración e puido acometerse a sinalización horizontal nas paradas dos autobuses fronte á Facultade de Ciencias. Comenta, tamén, que ese asunto se demorara máis do previsto, pois estaba recollido nunha intervención de maior alcance que por circunstancias diversas non se puido levar a cabo, mais si se acometeran outras actuacións (remodelación da disposición do mobiliario urbano e incorporación de bancos e xardineiras) no ámbito das facultades de Ciencias, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica e Escola Técnica Superior de Arquitectura, co fin de controlar e impedir a presenza de automóviles no espazo libre e peonil. A respecto da excesiva velocidade con que circulan os autobuses urbanos no campus, a adxunta de Infraestruturas comenta que se trata dunha queixa común entre os usuarios, que xa se lle ten transmitido tanto ao Concello como aos responsables da empresa, pero que a resposta que reciben é que non valen as queixas en xeral, senón que se debe identificar o autobús e a hora en que se detecta a incidencia para que os responsables poidan adoptar as medidas oportunas.

---

**CASO 600/377** Data 06/06/2015

Reclamante: PDI	Motivo	En calidade de membro da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apio á Investigación (SAI) e da Comisión de Usuarios do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), pon en coñecemento do valedor universitario que, contravindo o disposto nos correspondentes regulamentos de funcionamento interno, as citadas comisións de usuarios non foron convocadas desde hai máis dun ano.
Inicio: 10/06/2015		Solicita que se demanden as oportunas explicacións ao tempo que se lles lembre aos responsables a súa obriga de respectaren os regulamentos e actuaren con transparencia.
Remate: 29/07/2015		

---

Actuacións	Director dos SAI e coordinador do CITEEC.
------------	---

Resolución	Á vista do contido da queixa e unha vez vistos os regulamentos de funcionamento interno dos SAI e do CITEEC, dirixo os correspondentes oficios ao director dos SAI e ao coordinador do CITEEC con copia ao vicerreitor de Investigación e Transferencia. O 25/06/2015, o coordinador do CITEEC informa que a data da anterior reunión tivo lugar o 1 de outubro de 2014 e que a seguinte reunión vai ter lugar previsiblemente o 7 de xullo de 2015. Anexa a orde do día e unha copia da folla coa sinatura dos asistentes á reunión do 01/10/2014. Segundo puiden comprobar a sinatura do reclamante figura entre delas. O 01/07/2015, pendente de recibir resposta do director do SAI, comunicolle ao interesado a información recibida do coordinador
------------	--

---

---

do CITEEC e mais unha copia literal e íntegra dun breve correo que media hora antes eu mesmo remitira a este último, no que me limitaba a agradecerlle a súa rápida resposta e a manifestarlle que, á vista da reunión tida en outubro 2014 e da prevista para primeiros de xullo de 2015, estaríase a cumprir axeitadamente co artigo 8.5 do Regulamento do CITEEC, aprobado polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2014, no que se recolle: *A Comisión de Usuarios reunirse, cando menos, dúas veces por ano por convocatoria do/a coordinador/a do CITEEC ou por petición, como mínimo, da terceira parte dos seus integrantes.*

A pesar de que no propio escrito remitido ao interesado lle sinalaba que no caso do CITEEC todo parecía indicar que houbera un erro pola súa parte, e que na próxima reunión prevista para primeiros de xullo tería ocasión, se o desexaba, de clarificar calquera dúbida ao respecto, o 09/07/2015 recibo un correo seu en que critica a miña actuación por non terlle, segundo el, informado do escrito que remitira ao coordinador, e pasa a cuestionar o modo de funcionamento do CITEEC. Entre outras cousas, o reclamante comenta no seu escrito: *El hecho de que entre la última reunión de la comisión de usuarios y la anteriormente celebrada haya tenido lugar en un plazo inferior al año (que expuse en mi escrito) no debería hacer perder la perspectiva de cuál es el problema real, salvo que lo que se pretenda sea hacer escarnio del demandante...*

O 27/07/2015 recibo un escrito do director dos SAI, quen tras desculpase pola demora na resposta e indicar que esta se debía fundamentalmente a que viña de producirse un cambio na dirección dos Servizos e que el mesmo tomara posesión a primeiros de xullo, informa que, segundo consta nos arquivos dos SAI, a última reunión da comisión de usuarios tivo lugar o 16 de xullo de 2014 e que ten previsto convocar unha reunión no vindeiro mes de setembro. O director comunica tamén que a comisión de usuarios se vén reunindo, como consta na páxina web dos SAI, dúas veces ao ano, xeralmente nos meses de decembro e xullo, se ben é certo que non o fixo en decembro de 2014.

O 29/07/2015 remito un informe completo ao reclamante, ao director dos SAI, ao coordinador do CITEEC e ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, no que tras detallar todos estes aspectos, fago as seguintes consideracións:

*A afirmación que fai o reclamante no seu escrito de queixa de 5 de xuño de que contravindo o disposto nos correspondentes regulamentos de funcionamento interno (SAI: artigo 7; CITEEC: artigo 8) as correspondentes comisións de usuarios non foron convocadas hai máis dun ano resulta ser errónea. Segundo informan (con soporte documental incluído) o coordinador do CITEEC e o director do SAI, a Comisión de Usuarios do CITEEC reunírase o 1 de outubro de 2014 e a Comisión de Usuarios dos SAI reunírase o 16 de xullo de 2014.*

*A afirmación do reclamante de que o valedor universitario remitiu un escrito ao coordinador do CITEEC ao que este deu lectura na reunión da comisión de usuarios do 7 de xullo de 2015 sen que el tivese coñecemento seu é igualmente errónea. Dende que fun elixido por primeira vez valedor universitario, hai máis de catro anos, nunca con anterioridade á data en que me foi remitido o correo do anexo V saíron desta oficina outros escritos ou actuacións en relación con este tema que non foran os que figuran recollidos literalmente neste informe. Afirmar tras a lectura destes escritos o que se recolle no punto 2 do correo do reclamante ou sinalar que “Tampoco deberías concluir que, en el pasado, no he intentado hacer ver a los responsables esta misma apreciación por lo que el recurso –legítimo- al Valedor parten de una situación notable de hartazgo que no atañe –como sabes- en exclusiva el citeec”, resulta, cando menos, desconcertante. Todos podemos*

---

---

*cometer erros e o importante é aceptalo con naturalidade. Tras un pequeno intercambio de correos co interesado, reiterándolle que non existía ningún outro escrito máis que os que xa lle remitira a el, o erro parece aclarado aínda que non totalmente asumido polo reclamante, quen no seu último correo (10/07/2015 ás 10:45h) escribe: “Te agradezco la aclaración. Respondo a tu mensaje de un modo bastante habitual, es decir: haciendo un reply. Podrás apreciar en el encadenamiento de mensajes la dificultad para seguir qué se dice a quién en cada momento y la facilidad con que cierta información puede pasar desapercibida. Sin ánimo de polemizar, una vez visto el contexto y contenidos, constato que no dicen lo mismo, y no me refiero con ello a la literalidad de las palabras.”*

*Si é certo que, incumprindo co estipulado no artigo 7 do Regulamento dos Servizos de Apoio á Investigación, a comisión de usuarios destes servizos non se reuniu polo menos dúas veces ao ano, pois no ano 2014 só tivo lugar a reunión do 16 de xullo, tal e como recoñece no seu escrito de resposta o recentemente nomeado director dos SAI (anexo VI).*

*No seu escrito de queixa de 5 de xuño, o reclamante non fai ningún tipo de referencia á existencia doutros problemas nin nos SAI nin no CITEEC, máis aló de sinalar que as comisións de usuarios non foran convocadas dende había máis dun ano e de pedir ao valedor (sen máis soporte nin argumentación) que demande aos responsables (vicerreitor, adxuntos, directores/coordinadores) a súa obriga de respectaren os regulamentos e actuaren con transparencia. Polo tanto, non procede aquí tratar as cuestións que o reclamante sinala con posterioridade á súa reclamación, no seu correo do 9 de xullo sobre o CITEEC, nin cómpre agardar réplica ningunha a este meu informe sobre o funcionamento dos SAI, como parece desprenderse da lectura do último parágrafo do referido correo: “No haré en este momento ninguna valoración en relación con el asunto paralelo del SAI por carecer de información y desconocer el estado de las actuaciones”. Por cuestións de procedemento, non resulta procedente ir sumando a unha queixa novos asuntos que non figuraban recollidos na reclamación inicial, toda vez que a outra parte xa emitiu o seu informe sobre o inicialmente cuestionado.*

*Obviamente, asístelle ao reclamante o dereito a dirixir ao valedor universitario todas cantas queixas ou reclamacións estimar oportuno, sempre que considere que os seus dereitos ou liberdades están a ser conculcados por algún órgano de goberno ou servizo da universidade; tamén é moi de agradecer que os membros da comunidade universitaria se dirixan ao valedor para indicarlle calquera cuestión que sirva para mellorar a calidade universitaria en calquera ámbito. Porén, por cuestións de operatividade e de boas prácticas, pediríalle ao reclamante que primeiro esgote as vías de participación directa de que dispón como membro das comisións cuxo funcionamento parece cuestionar.*

*Tras unha rápida lectura ás actas das reunións da Comisión de Usuarios dos SAI dispoñibles na páxina web, non observo nelas ningún cuestionamento previo digno de mención relacionado co funcionamento destes servizos de acordo co seu regulamento, nin por parte do reclamante nin pola de ningún outro membro da súa ampla, plural, participativa e altamente cualificada comisión de usuarios. O Regulamento do CITEEC data do 30 de abril de 2014, polo que dificilmente pode xulgarse cunha mínima perspectiva o funcionamento da súa comisión de usuarios; as convocatorias das dúas reunións habidas axústanse ás competencias recollidas no seu artigo 8. Ante eventuais futuras reclamacións sobre este tipo de cuestións, cumpriría ter presente que, de acordo co artigo 15.3 do Regulamento do valedor universitario “deberanse concretar, con suficiente clareza, os feitos que orixinan a reclamación, o motivo e*

---

---

*o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixa ao valedor universitario.”*

O informe remata coas seguintes recomendacións:

*Recoméndase ao recentemente nomeado director dos SAI e aos responsables da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, extremar o celo no cumprimento do artigo 7 do Regulamento no que ao número de reunións anuais da comisión de usuarios se refire, e ao reclamante unha maior atención e obxectividade á hora de formular as súas queixas e de interpretar as actuacións dos demais.*

---

## Curso 2013/2014

**CASO 552/329** Data 31/03/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Problemas para poder aparcarse no aparcadoiro do Edificio Normal do campus de Riazor, por non se respectar a exclusividade de uso para a xente do colexio e os universitarios. Propón como posible solución implantar algún método de control do acceso, caso do uso de barreiras controladas coa tarxeta universitaria.
Inicio: 31/03/2014		
Remate: 01/04/2014		
	Actuacións	Responsable da Administración de Centros Externos da UDC.
	Resolución	Informásele ao alumno de que o espazo que agora se está a ocupar como aparcadoiro diante do edificio da Normal está pendente dunha reorganización. Actualmente este edificio está a utilizarse como un espazo de intervención cultural e nel atópase tamén a sede da Universidade Sénior, polo que non resultaría doado, neste momento, pensar nun sistema restritivo de aparcamento que podería dificultar considerablemente o uso para o que está destinado o edificio.

---

**CASO 558/335** Data 06/06/2014

Reclamante: Alieo	Motivo	Solicita, como ex-alumno que está a realizar os seus estudos de doutoramento nunha universidade pública doutra comunidade autónoma, a mediación do valedor universitario ante o Servizo de Biblioteca da UDC para obter unhas condicións de acceso iguais ás que ten o alumnado propio da UDC. Quéixase de que se lle denegara un cambio nas condicións de préstamo que ten atribuídas dentro do colectivo de usuario externo da biblioteca da UDC e da interpretación da normativa de préstamo en que se fundamentou a denegación.
Inicio: 06/06/2014		
Remate: 06/06/2014		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Infórmaselle ao interesado de que, segundo o Regulamento de organización e funcionamento do Servizo de Biblioteca da UDC e as Normas de préstamo deste servizo, ao non ser actualmente alumno nin investigador da UDC e si antigo alumno desta universidade, só pode formar parte do grupo dos “usuarios autorizados” (Grupo VI), polo que a denegación da súa solicitude parecía pertinente. Coméntaselle que, por outra parte, parece lóxico que para un mellor aproveitamento dos recursos que unha institución adquire con fondos propios, esta debe regular o seu uso cunha clara prioridade para os seus membros. Do contrario, nalgúns casos o sistema podería mesmo chegar a facerse inviable.

---

## Curso 2012/2013

**CASO 510/287** Data 21/03/2013

Reclamante: PDI	Motivo	Nótanse fortes e desagradables cheiros por mor dun xerador de compost situado no lateral do seu centro. Solicita que a
-----------------	--------	--

---

Inicio: 22/03/2013		universidade tome cartas no asunto e que o retire.
	Actuacións	Oficina de Medio Ambiente.
Remate: 25/03/2013	Resolución	O valedor diríxese ao director da Oficina de Medio Ambiente e pídlle que analice o asunto coa maior brevidade na procura da solución máis axeitada. O director da OMA comenta que falou coa dirección do centro e que contan con resolvelo en breve. Comunícase ao reclamante.

#### CASO 511/288 Data 29/03/2013

Reclamante: Rep. de alumnado	Motivo	Desde o cambio de concesión, o servizo que ofrece a cafetería do centro empeorou. Alén do incremento de prezos, que afecta a todos os centros, estase a producir un agravio comparativo en relación co servizo que se ofrece noutros centros dos diferentes campus, tanto en cantidade como en calidade e variedade do menú.
Inicio: 09/04/2013		
Remate: 12/04/2013	Actuacións	Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.
	Resolución	Remítese a queixa ao Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, como responsable das concesións, contratacións, seguimento e control, para lle pedir que a analicen e, de ser o caso, tomen as medidas oportunas ante calquera tipo de anomalía que puiden estar a producirse no servizo de cafetería do centro. O 12/04/2012, o xefe do Servizo contacta coa Oficina do Valedor para informar de que xa contactaron co responsable da cafetería coa indicación de que debe dar solución á reclamación presentada polos estudantes. Tal circunstancia comunícase aos reclamantes.

#### Curso 2011/2012

##### CASO 434/211 Data 06/09/2011

Reclamante: De oficio	Motivo	Atrancos na construción dunha residencia universitaria no campus de Elviña.
Inicio: 06/09/2011	Actuacións	Reitor e secretario xeral. Ampla documentación.
Remate: 15/02/2012	Resolución	Tras analizar a abundante documentación existente na Secretaría Xeral sobre os trámites relacionados coa realización da urbanización e edificación da Área Residencial Universitaria do Campus de Elviña, remítese un informe ao reitor en que se recollen os seguintes aspectos: <i>1/ Destácase que a falla de residencias públicas na Universidade da Coruña compromete moi seriamente o dereito fundamental de acceso e permanencia na educación superior para numerosos estudantes que carecen de suficientes recursos económicos, asunto que resulta especialmente grave en tempos de crise; salientase tamén como a falla de residencias públicas na UDC estaría a minuar considerablemente as posibilidades de intercambio de estudantes, de persoal investigador e de profesorado con outras institucións nacionais e internacionais, o cal limita gravemente a participación e a competitividade da UDC nun contexto cada vez máis universalizado (EEES, campus de excelencia...); ponse o acento en como a UDC ve tamén minguado o seu dereito a competir en condicións de igualdade co resto das universidades do sistema universitario galego, o que resulta especialmente lesivo para os seus intereses, máxime cando unha parte dos recursos públicos que a Xunta de Galicia reparte entre as tres universidades está ligada a criterios de competitividade. 2/ Analízanse os pasos dados polos distintos axentes implicados na consecución da área residencial, desde a sinatura –o 3 de abril de 2006– dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e a Universidade da Coruña para a xestión urbanística e a adquisición de terreos no campus de Elviña, até a</i>

---

*Resolución do 11 de maio de 2011 do propio IGVS pola que este organismo renuncia á realización do contrato que tiña por obxecto a edificación e urbanización da devandita área residencial. A Xunta de Galicia rachou, por tanto, unilateralmente cos compromisos formalmente adquiridos, sen atender mesmo a fórmulas flexibles que lle foran propostas pola UDC e que permitirían a realización da obra con importantes axustes económicos.*

*3/ Tras comprobar como nestes últimos seis anos, o goberno da UDC fixo todo canto estaba da súa man para poder dotarse dunha residencia universitaria pública no campus de Elviña, conclúese o informe cunha oferta de colaboración por parte do valedor universitario, dentro do seu concreto marco de actuación, na procura de residencias universitarias de titularidade pública e con prezos verdadeiramente públicos para a Universidade da Coruña.*

---

**CASO 437/214** Data 16/09/2011

Reclamante: Alleo	Motivo	Un familiar dun alumno con discapacidade denuncia barreiras arquitectónicas para o acceso na Casa do Francés.
Inicio: 16/09/2011	Actuacións	SAPE e Servizo de Estudantes.
Remate: 11/05/2012	Resolución	Tras contactar co Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos, a directora do SAPE informa de que se está a redactar o correspondente proxecto de accesibilidade, co compromiso de execución antes de que remate o ano. Dado que a situación se prolonga no tempo seguimos a interesarnos pola súa pronta resolución, até que en maio de 2012 o xefe do Servizo de Estudantes nos informa de que segundo lle comunican do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos xa se dispón da licenza de obras e que o seu comezo está previsto para o mes de xuño.

---

**CASO 446/223** Data 21/10/2011

Reclamante: Alumnado	Motivo	Retirada do acceso á plataforma Moodle ao alumnado da EU de Relacións Laborais da Coruña.
Inicio: 26/10/2011	Actuacións	Dirección do centro, Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións, Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais e Vicerreitoría de Profesorado.
Remate: 10/11/2011	Resolución	Comunicáselle ás persoas interesadas que a Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías informa de que a Universidade decidiu abrir o acceso á plataforma Moodle aos centros adscritos e que se está a estudar a forma de levalo a cabo.

---

**CASO 451/228** Data 10/11/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	A información facilitada publicamente sobre o seguro HAC LUCE resulta enganosa ao incluír que cobre o envío dun familiar en caso de hospitalización sen indicar que para iso se require que a hospitalización mínima sexa superior a sete días.
Inicio: 17/11/2011	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
Remate: 26/12/2011	Resolución	Envíaselle á interesada a información remitida pola vicerreitora, quen tras solicitar un informe do Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica se compromete a tomar as medidas oportunas para modificar e clarear a información que aparece nos trípticos.

---



**CASO 472/249** Data 27/03/2012

Reclamante: Asociación de estudantes	Motivo	Paralización dun procedemento que permitiría unha intervención no campus da Zapateira (tala de eucaliptos) co fin de evitar riscos de incendio ou de accidentes en relación coas condicións climáticas.
Inicio: 04/04/2012	Actuacións	Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas, Oficina de Medio Ambiente, Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica e reitor.
Remate: 19/10/2012	Resolución	O asunto comunícaselle á vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, quen, tras falar co responsable da Oficina de Medio Ambiente e mais co xerente, reactiva o tema e comunica que se procederá á tala coa maior brevidade posible. O 17 de outubro de 2012, o interlocutor informa ao valedor universitario de que comezan os temporais e que o asunto segue sen resolverse. Tras falar con diversas dependencias e órganos de goberno, o 19 de outubro o valedor informa de que o reitor xa dera a orde para que se procedera á tala hai tempo, que a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas facía un seguimento do asunto cuxo atraso estaba relacionado cun atranco na adxudicación formal do traballo, mais que o procedemento de adxudicación estaba practicamente ultimado.

**CASO 475/252** Data 18/04/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Accidente sufrido durante unha clase de Educación Física, debido aos charcos producidos por goteiras no pavillón de deportes. Teme volver facer ximnasia por estar cheo de charcos e, segundo lle comentan na facultade, ao ser maior de 28 anos non podería reclamar.
Inicio: 23/04/2012	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura e Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.
Remate: 16/07/2012	Resolución	Informáselle á alumna de que o Servizo de Arquitectura e Urbanismo xa detectara o problema e tiña buscada unha solución, que agarda a executar cando remate o período lectivo para non interferir no desenvolvemento da docencia. Comunícaselle tamén que, a pesar de non ter dereito ao seguro escolar por ser maior de 28 anos, está cuberta polo tramo común do seguro HAC LUCE, como calquera outro alumno da UDC.

**Curso 2010/2011****CASO 422/199** Data 23/06/2011

Reclamante: Rep. alumnos	Motivo	Problemática creada polo horario de verán no centro: interrupción de horarios na biblioteca e na cafetería.
Inicio: 28/06/2011	Actuacións	Xerencia.
Remate: 11/07/2011	Resolución	Comunícaselle ao reclamante a información transmitida pola Xerencia: o asunto da cafetería xa está resolto e estase á procura dunha solución para a biblioteca.